

## **PROPOSTA DE ACORDO POLO QUE SE CREAM POSTOS DE TRABALLO DE MEDICOS DE FAMILIA E ENFERMERÍA EN PAC E SE ADOPTAN DETERMINADAS MEDIDAS DE CONDICIÓNS DE TRABALLO E RETRIBUTIVAS PARA O PERSOAL DO SERGAS .**

No marco da Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do SERGAS, tralo proceso negociador seguido coas centrais sindicais integrantes dela, en diversas reunións mantidas ao longo deste ano 2004, a Administración sanitaria e as centrais sindicais..... acordaron elevar a definitivo o documento que contén a creación de postos de traballo específicos para urxencias en atención primaria para médicos de familia e enfermaría e onde se adoptan determinadas medidas en retribucións e condicións de traballo do persoal. Este acordo ven a modificar en materia de urxencias extrahospitalarias o Decreto 226/1996 de retribucións de atención primaria e o Decreto 172/1995 de Plan de urxencias extrahospitalarias nas materias contidas neles coincidentes coas que aquí se regulan. En materia retributiva as contías a percibir pola realización de gardas ou atención continuada en atención primaria e atención especializada.

O ámbito de aplicación do acordo ao persoal médico de familia e diplomado en enfermaría, que veñen prestando servizos eventuais de atención continuada en puntos de atención continuada, con dedicación a urxencias extrahospitalarias para os que se crea un posto de traballo específico neses ámbitos de prestación relacionado co recoñecemento da posibilidade de realización de gardas voluntarias para o persoal que presta servizos nas unidades e servizos de atención primaria. Este persoal, con base no Pacto asinado o día 30 de novembro de 2001, ve modificada a súa prestación por mor da creación destes postos de traballo facilitando a opción para deixar de facer gardas/ atención continuada ou realizalas de xeito voluntario.

Así mesmo o acordo recolle a creación de dous conceptos retributivos complementarios ás retribucións básicas. Estes conceptos novos teñen en conta a nova planificación e a singularidade dos cometidos derivados da organización baseada na creación de postos de traballo en urxencias o que

conleva un gran incremento de recursos humanos no sector. O concepto de intersustitución ten por obxecto salvagardar a prestación ao usuario ante a indispoñibilidade de efectivos para cubrir substitucións do persoal do cadro, por mor da ocupación de todo o persoal eventual nas urxencias extrahospitalarias. O concepto de supramunicipalidade retribúe a prestación da atención urxente en condicións singulares naquelas unidades que poidan crearse que cubran urxencias de ámbito supramunicipal en horario de tarde.

Tamén se revisan os prezos das gardas cun incremento da contía a retribuír e recoñécese unha contía adicional para prestación en días especiais ou festivos derivados das dificultades de substitución nesas datas que comunmente son solicitadas polo persoal de cadro como de permiso.

Por razón da materia que abrangue condicións de traballo e retributivas e das competencias dos órganos, o presente documento ten forma de Acordo, asinado polos representantes da Administración sanitaria e as centrais sindicais .....e celebrado de conformidade co artigo 35 da Lei 9/1987, do 9 de xuño, pola que se regulan os órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións públicas e de acordo co previsto no artigo 80 da lei 55/2003 de 16 de decembro do Estatuto Marco. Así mesmo, consonte as normas vixentes para a súa eficacia precisa a aprobación do Consello da Xunta de Galicia .....

O acordo é o que figura como anexo á esta resolución.

En Santiago de Compostela a ..... no marco da Mesa sectorial de negociación do persoal de institucións sanitarias do SERGAS e de conformidade coas facultades conferidas no artigo 35 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas, así como das competencias outorgadas á referida Mesa sectorial no artigo 80 da Lei 55/2003 de Estatuto Marco ..... tralo proceso de negociación mantido no seo da citada mesa chegan ao seguinte Acordo polo que se crean postos de

traballo de médicos de familia e diplomados de enfermería en PAC e se adoptan determinadas medidas de condicións de traballo e retributivas.

## **ACORDO:**

### **PRIMEIRO: OBXECTO E ÁMBITO**

O presente acordo ten por obxecto e ámbitos os seguintes:

#### **1.1 Creación de postos de traballo en urxencias extrahospitalarias**

Dotaranse os cadros de persoal das institucións sanitarias do SERGAS coas prazas que se determinen, de acordo co que se estableza no Plan de ordenación de recursos humanos correspondente, co obxecto de crear postos de traballo de médicos de familia e diplomados de enfermaría de urxencias extrahospitalarias (Puntos de atención continuada ou PAC de novo modelo) axeitados as necesidades asistenciais.

#### **1.2 Opción de voluntariedade na realización de gardas ou atención continuada**

Declárase a posibilidade de realización voluntaria de gardas ou atención continuada en xornada complementaria á ordinaria polos médicos de familia e diplomados de enfermaría actuais das unidades e servizos do cadro de persoal de atención primaria, sempre que así o permitan as necesidades asistenciais.

#### **1.3 Medidas retributivas**

**1.3.1 En gardas ou atención continuada:** Incrementarase o valor do prezo hora das retribucións de atención continuada e gardas do persoal facultativo, médico de familia e enfermaría do SERGAS, tanto de atención primaria coma de atención especializada. Contémplase unha retribución adicional pola prestación de gardas nos días especiais 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro.

### **1.3.2 Retribucións complementarias ás retribucións básicas:**

Créanse dous novos conceptos retributivos aplicables ao persoal médico de familia de atención primaria complementarios ás retribucións básicas que retribúen singularidades na prestación derivadas da nova planificación e organización dos recursos humanos no nivel de atención primaria.

## **SEGUNDO: EFECTOS**

### **2.1. Dotación de prazas**

A dotación das prazas de médicos de familia e diplomado de enfermaría, coas condicións de traballo previstas para PAC de novo modelo na norma terceira deste acordo, iniciarase coa execución da oferta de emprego que se está realizando neste intre para médicos de familia e diplomados en enfermaría no SERGAS e durante os anos 2005, 2006 e 2007 consonte se prevexa no Plan de ordenación de recursos humanos correspondente. O Plan de ordenación de recursos humanos será aprobado polos órganos de dirección do SERGAS previa negociación no seo da Mesa sectorial.

### **2.2. Oferta de opción de voluntariedade na realización das gardas/atención continuada**

Ademais das ofertas de voluntariedade xa realizadas por aplicación do Pacto publicado por Resolución de 29 de outubro de 2004 de creación de postos de traballo de médicos de familia e de enfermaría en PAC piloto (DOG núm. 18 de 9 de novembro de 2004) en 16 PAC, que se declaran efectivas consonte o novo modelo, no primeiro trimestre do ano 2005 ofertarase unha nova opción de voluntariedade para os médicos de familia e enfermaría de cadro das unidades e servizos que abranguen os 31 PACs que se relacionan neste acordo, cos criterios aplicados para PAC piloto. Os restantes profesionais terán opción de voluntariedade coa incorporación de efectivos derivados da

execución da OPE extraordinaria e como máximo no mesmo calendario que o previsto no parágrafo anterior nas condicións que se regulen, previa negociación no seo da Mesa sectorial.

### **2.3. Réxime transitorio**

A regulación contida no Pacto publicado por Resolución de 29 de outubro de 2004 de creación de postos de traballo de médicos de familia e de enfermería en PAC piloto (DOG núm. 18 de 9 de novembro de 2004.) citado no parágrafo anterior, actuará como réxime de aplicación transitoria entre tanto non se incorporen prazas de novo modelo aos cadros de persoal e consecuentemente se proceda á aplicación da regulación xeral de condicións de traballo e retributivas. Nas unidades e servizos dos 31 PAC referidos anteriormente se procederá a ofertar a voluntariedade e a vincular a persoal temporal nos PAC baixo as condicións previstas no Pacto de 9 novembro de 2004. Nos PAC restantes realizáranse ofertas de traballo para persoal temporal en condicións PAC piloto baixo a modalidade que permita a realización de atención continuada e ordinaria en función das necesidades de servizo. Os vínculos a realizar nos PAC serán mediante a modalidade de obra ou servizo determinado, e corresponderán ós códigos orzamentarios creados para PAC piloto coas condicións previstas no citado Pacto. Serán ofertadas o persoal que lle corresponda polo seu número na lista de urxencias extrahospitalarias elaborada segundo a convocatoria xeral formalizada no mes de xuño de 2004, agás os postos que corresponden a segunda fase de PAC piloto que irán pola convocatoria específica de 23 de decembro de 2004. A dotación das prazas nos ámbitos correspondentes segundo se dispón no parágrafo 1º e a vinculación de profesionais ao novo modelo, sen prexuízo do disposto nas normas que regulan a selección temporal no SERGAS, será causa de cese do persoal con nomeamento de obra e servizo determinado nestes ámbitos.

Mentres non se execute o réxime transitorio anterior manteranse os actuais vínculos de atención continuada, co actual réxime de alta na Seguridade Social nas condicións xa reguladas e disporán de permisos retribuídos segundo a norma xeral en igualdade de condicións que para o resto de persoal.

## **2.4. Medidas retributivas**

**2.4.1 En gardas ou atención continuada:** Incrementarase o valor do prezo hora das retribucións de atención continuada e gardas do persoal facultativo, médico de familia e enfermaría do SERGAS, tanto de atención primaria coma de atención especializada a 1 de maio de 2005. Establecérase idéntica subida nos anos 2006 e 2007. Contéplase unha retribución adicional pola prestación de gardas nos días especiais 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro con efectos de xaneiro de 2005.

**2.4.2 Retribucións complementarias ás retribucións básicas:** Os dous novos conceptos retributivos aplicables ao persoal médico de familia de atención primaria serán efectivos unha vez aprobado o Plan de ordenación de recursos humanos desenvolto mediante programas funcionais das xerencias que recollerán expresamente a singularidade na prestación nos postos que corresponda que de lugar ao devengo do complemento neses postos.

## **TERCEIRO.- POSTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA**

Nos puntos de atención continuada en urxencias extrahospitalarias dotaranse prazas para postos de traballo de médicos de familia e diplomados en enfermaría con prestación dedicada á atención continuada ou urxencias neses ámbitos. A prestación realizarase de acordo co que se estableza como base no Plan de ordenación de recursos humanos que serán desenvolto polos programas funcionais das xerencias responsables da xestión correspondente. Os citados postos terán as condicións seguintes:

### **3.1. Horarios**

Os horarios e xornada do postos de traballo adaptáranse á prestación e horario dos PAC.

### 3.2. Xornada

A xornada de traballo fíxase en 1580 horas de atención continuada. Naqueles PAC con horario a partires das 10 da noite a xornada será de 1430 horas anuais.

**3.3.** Posibilitárase aos médicos de familia e enfermaría, nas condicións establecidas na Lei 55/2003 de Estatuto Marco, a realización de xornada por encima da anterior e con dedicación posible á atención ordinaria programada retribuída cun complemento ás retribucións de médico de familia de PAC novo modelo. Esta prestación retribuírase co prezo adicional por hora seguinte:

Medico de familia en PAC	Enfermería en PAC
Valor hora anual 1624	Valor hora anual 1624
20,72€	11,77€

### 3.4. Retribucións

**3.4.1 Médicos de familia en postos de PAC novo modelo:** As retribucións serán as establecidas no Decreto 226/1996 para un médico de familia de atención primaria, código orzamentario SF-A-207, sen incluír o complemento de produtividade fixa, a acadar de acordo co seguinte cadro:

<b><i>Retribucions fixas valor 2005 medico familia en posto PAC de novo modelo</i></b>	<b><i>Incremento 06</i></b>	<b><i>Incremento 07</i></b>
30.655,56€	1.494,60€	1.494,60€

**3.4.2 Diplomados de enfermaría en postos PAC novo modelo:** As retribucións son as correspondentes ás establecidas no Decreto 226/1996 para enfermaría de atención primaria sen incluír o complemento de produtividade fixa.

<b><i>Retribucións fixas valor 2005 de enfermaría en postos de PAC de novo modelo</i></b>
19.120,72€

**3.4.3** As retribucións anteriores veranse incrementadas segundo se dispoña nas Leis de orzamentos anuais para o persoal das administracións públicas.

### **3.6. Adaptación dos cadros de persoal**

Os cadros de persoal dos centros que se derive do Plan de ordenación de recursos humanos e dos programas funcionais que organizan a asistencia en cada área sanitaria dotaranse progresivamente nos anos 2005, 2006 e 2007, cos criterios que determine o SERGAS .

## **CUARTO: OPCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE GARDAS OU ATENCIÓN CONTINUADA EN UNIDADES E SERVIZOS DE ATENCIÓN PRIMARIA**

### **4.1. Ámbito de aplicación**

Sen prexuízo do disposto na disposición segunda deste Acordo, poderán realizar a opción de realización de gardas ou atención continuada o persoal médico de familia e diplomado de enfermaría de cadro de persoal de acordo coas previsións de realización determinadas nos programas funcionais de cada área sanitaria, correspondentes aos ámbitos determinados pola División de Asistencia Sanitaria, sempre que as dispoñibilidades de recursos permitan a execución da citada opción.

## 4.2. Efectos

**4.2.1** A opción prevista na disposición segunda deste acordo formalizarase no primeiro trimestre do ano 2005 nos ámbitos seguintes: **XAP Lugo:** PAC do Corgo, PAC de Guitiriz, PAC de Guntín, PAC de Lugo, PAC de Sarria, PAC de Vilalba, PAC de Outeiro de Rei. **XAP Ourense:** PAC de Pobra de Trives, PAC de Viana do Bolo, PAC de Castro Caldelas. **XAP Santiago:** PAC de Boiro, PAC de Noia, PAC de Ordes, PAC de Padrón, PAC de Rianxo, PAC de Ribeira e Pobra do Caramiñal, PAC de Santa Comba. **Area da Coruña:** PAC de Arteixo, PAC de Cambre, PAC de Curtis, PAC e Culleredo, PAC da Laracha, PAC de Ponteceso, PAC de Sada, PAC de Vimianzo. **Area de Ferrol:** PAC de Narón, PAC de As Pontes, PAC de Pontedeume. **Area de Vigo:** Redondela, Moaña e A Garda. **Área de Pontevedra** Lalín, Vilagarcía, Sanxenxo. Sen prexuízo do anterior, estes PAC poderán ser ampliados de contemplarse nos programas funcionais das xerencias correspondentes.

**4.2.2** Nos PAC restantes realizarase trala incorporación de efectivos da OPE coa opción de voluntariedade destes nos prazos que se determinen polo SERGAS, de acordo co que se estableza no Plan de Ordenación de Recursos Humanos.

**4.2.3** A posibilidade de opción voluntaria para a realización de gardas poderá ser revertida pola Administración de maneira excepcional e con carácter temporal ante a necesidade de dar cobertura a asistencia sanitaria nalgún ámbito.

## 4.3. Contido da opción de voluntariedade:

Os requisitos para o exercicio da opción e procedemento e ámbitos da mesma serán determinados polos órganos competentes do SERGAS, previa

negociación no seo da comisión de seguimento deste acordo, tendo en conta a obriga do SERGAS de garantir a cobertura asistencial cos recursos dispoñibles.

No Plan de Ordenación de Recursos Humanos que se aprobe neste ámbito, recollerá a posibilidade de que nos programas funcionais se establezan mecanismos que posibiliten a solicitude da reversión da opción manifestada polo profesional, sempre condicionada as necesidades asistenciais ou, de contrario, a manifestación da opción fora dos prazos establecidos en situacións especiais.

## **QUINTO.- MEDIDAS RETRIBUTIVAS:**

### **5.1. Incremento retribución hora garda ou atención continuada**

Establécese un incremento no valor hora de garda de 2€ para o persoal facultativo, médico de familia e enfermería de atención primaria e atención especializada con efectos 1 de maio de 2005. Establecerase idéntica subida para os anos 2006 e 2007.

### **5.2. Retribución adicional pola prestación de gardas nos días de especial significación**

Establécese unha retribución adicional pola prestación de gardas nos días de especial significación seguintes: 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro. Será de aplicación ao persoal estatutario facultativo de atención especializada, médicos de familia de atención primaria, e persoal de enfermería de atención primaria, que teñan un nomeamento fixo ou temporal nas institucións sanitarias do SERGAS e cuxas retribucións se deriven do Real Decreto Lei 3/1987 de 11 de setembro. Para xerar o devengo da retribución o profesional que reúna os requisitos anteriores deberá prestar servizos efectivos de gardas en réxime de presenza física ou localizada nalgún dos días de especial significación: 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro. O profesional que reúna os requisitos e condicións de prestación anteriores, percibirá ademais da que lle corresponda

unha retribución adicional na mesma contía que a prevista para cada tipo de prestación en módulos ou horas, gardas, física, localizada ou mixta, segundo se determina nas normas anuais de confección de nóminas de persoal da Administración pública de Galicia. Os facultativos de atención especializada percibirán un módulo adicional de gardas igual ao que lle corresponda en función das horas de prestación ou réxime de presenza física ou localizada realizada neses días. Os médicos de familia e persoal de enfermaría de primaria percibirán un importe adicional igual ao importe por hora de garda realizada neses días.

## **5.2. Retribución complementaria por supramunicipalidade**

Co efecto de retribuír a atención urxente que realice o persoal en xornada de tarde nas unidades cuxo PAC teña ámbito supramunicipal e non se encontre aberto en horario de tarde crearase un novo concepto retributivo que consiste nun complemento fixo coa cantidade que resulte do cálculo sobre unha cota de 300 cartillas das que 100 sexan de pensionista do que resulta un importe de 158,63€/mes ao valor actual. Para estes efectos terán a condición de supramunicipais os ámbitos que se recollan nos Plans de ordenación de recursos humanos e programas funcionais das xerencias que recollerán as garantías en canto á limitación de actividade que faga factible a realización desta prestación.

## **5.3 Retribución complementaria por intersustitución**

Coa finalidade de que os médicos de familia atendan o cupo de pacientes adscritos a médicos da mesma unidade en ausencia por vacacións ou días de libre disposición dalgún deles, crease un complemento de produtividade variable cuxo valor será o resultado de dividir o cupo promedio dos médicos da unidade ou quenda entre o número de médicos que realicen a prestación substituída.

Esta retribución so será efectiva cando supoña a non substitución da ausencia de vacación ou libre disposición por persoal temporal.

### **SEXTO: Comisión seguimento deste acordo**

Para o seguimento deste acordo e demais competencias previstas nel constituirase unha comisión de seguimento na que participarán as partes asinantes do presente acordo. Así mesmo serán tratadas no seo de dita comisión as instrucións de desenvolvemento deste acordo que se diten polos órganos competentes.

### **SEPTIMO: Desenvolvemento**

Corresponde conxuntamente as Divisións de Asistencia Sanitaria e Recursos Humanos do SERGAS o desenvolvemento mediante instrucións das materias contidas neste acordo que faciliten a súa aplicación, en especial a contida nos apartados 5.2 e 5.3.